

EDUCACIÓN PRIMARIA

UNIDADE DIDÁCTICA

8 de marzo



Lara Fuentes Enjamio (Psicóloga e Axente de Igualdade)

ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	3
8 de marzo:	4
E en Galicia?	4
O 8-M nas aulas de educación primaria	5
METODOLOXÍA	6
ACTIVIDADE 1. CREAMOS UN ANUNCIO DE XOGUETES.....	7
OBXECTIVOS:.....	7
DESCRICIÓN:	7
MATERIAIS UTILIZADOS:.....	7
NOTAS TEÓRICAS:.....	8
SABÍAS QUE?	8
ACTIVIDADE 2. A LIÑA DA DESIGUALDADE:	8
OBXECTIVOS:.....	8
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:.....	9
MATERIAL UTILIZADO:.....	9
NOTAS TEÓRICAS:.....	11
SABÍAS QUE:	11
ACTIVIDADE 3. INVESTIGA O TEU CENTRO EDUCATIVO	11
OBXECTIVOS.....	11
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	11
MATERIAL UTILIZADO:.....	12
NOTAS TEÓRICAS:.....	13
SABÍAS QUE?	14
ACTIVIDADE 4. FOLGA DE COIDADOS	14
OBXECTIVOS.....	14
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	14
MATERIAIS.....	15
NOTAS TEÓRICAS.....	15
SABÍAS QUE?	15
ACTIVIDADE 5. RACHANDO ESTEREOTIPOS.....	¡Error! Marcador no definido.

OBXECTIVOS.....	¡Error! Marcador no definido.
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	¡Error! Marcador no definido.
MATERIAIS.....	¡Error! Marcador no definido.
NOTAS TEÓRICAS.....	¡Error! Marcador no definido.
SABÍAS QUE?	¡Error! Marcador no definido.
ACTIVIDADE 6. O PANO DA CORRESPONSABILIDADE.....	18
OBXECTIVOS.....	¡Error! Marcador no definido.
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	¡Error! Marcador no definido.
MATERIAL UTILIZADO:.....	¡Error! Marcador no definido.
NOTAS TEÓRICAS:.....	¡Error! Marcador no definido.
SABÍAS QUE?	¡Error! Marcador no definido.

Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Lara Fuentes Enjamio

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Marzo de 2023



INTRODUCCIÓN

O sistema educativo é un recurso de socialización moi rico para desenvolver prácticas que garantan a educación inclusiva e equitativa. Educar non é só transmitir coñecementos, é recoñecible o seu poder transformador no pensamento das nenas, nenos e nenes. A educación en igualdade implica a mirada de xénero para garantir a equidade e non discriminación. Un cambio de enfoque que faría que a escola deixara de ser un mecanismo de transmisión social para converterse nun espazo para a verdadeira transformación. Esta transformación prodúcese tanto no alumnado coma no persoal docente. O labor docente non só é transformador para o alumando, tamén o é para o profesorado.

O recente informe **Reimaginar juntos nuestros futuros: Un nuevo contrato social para la educación**¹ que consiste nunha revisión e renovación do famoso informe Delors², entende a educación en igualdade de xénero e a loita contra as desigualdades como unha das prioridades curriculares para o futuro da educación. Segundo este informe, os principios subxacentes á igualdade deben aprenderse desde idades temperás e en todas as etapas educativas. Os valores en igualdade han de ser coherentes en todas as contornas onde as crianzas e rapazada socializa, como é o fogar, as aulas, o patio, a escola e a comunidade. A estas contornas máis “clásicas” debemos engadir as redes sociais e os medios de comunicación, espazos de relación e por conseguinte de socialización.

A socialización enténdese como aquel proceso que atravesamos as persoas para converternos en membros dunha sociedade pero esta socialización non é igual para unhas que para outros. Os espazos educativos reproducen de acordo con esta teoría da socialización diferencial de xénero, códigos e normas de conduta asignadas a cada sexo e as nenas e os nenos adquiren unha identidade diferenciada. A pesar dos moitos avances en materia de igualdade, sigue habendo fortes diferenciacións e xorde o coñecido como espellismo da igualdade. Este concepto, definido por Amelia Valcárcel, fai referencia á falsa aparencia de igualdade froito do recoñecemento da igualdade formal entre todas as persoas. É dicir, no momento en que non existen leis claramente discriminatorias, como pasaba ata tempo recente, enténdese que a igualdade xa existe e que as desigualdades poden entenderse, unicamente, como cuestións

¹ Comisión Internacional sobre os Futuros da Educación (2022). Reimaginar juntos nuestros futuros: un nuevo contrato social para la educación. Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

² Delors, J. (1996). “Los cuatro pilares de la educación” en La educación encierra un tesoro. Informe de la UNESCO de la Comisión Internacional sobre Educación para el siglo XXI. Santillana/UNESCO.

individuais.

Así e todo a desigualdade entre muller e homes segue sendo algo real e tanxible, evidenciada nos datos de pobreza, emprego, salarios, posicións de poder ou vítimas de violencia machista.

Por todo isto, camiñar cara unha pedagogía e escola coeducativas, pasa primeiro por recoñecer o modelo sexista, androcéntrico e lgbtifóbico que temos, para posteriormente analizar como se reproducen na escola e, por último, aplicar medidas e actuacións para converter a escola nun espazo coeducativo real.

Esta unidade didáctica pretende ser unha ferramenta de utilidade para o persoal docente que lle permita incluír no currículo educativo a perspectiva de xénero.

8 de marzo:

Aínda que non será ata o 1997 en que a Organización das Nacións Unidas aprobe unha resolución para declarar o 8 de marzo o Día Internacional da Muller, este foi o resultado de máis dun século de mobilización en prol dos dereitos das mulleres.

As manifestacións feministas de mediados do século XIX en Estados Unidos e Inglaterra, directamente vinculadas coas consecuencias da industrialización, foron sinaladas como grandes fitos na historia feminista e da conmemoración do 8 de marzo. Nestas mobilizacións as mulleres demandaban mellores condicións de traballo e o recoñecemento do dereito fundamental ao voto. En marzo de 1875 centenas de mulleres da fábrica téxtil de Nova York protestaron e manifestáronse pola desigualdade salarial respecto dos seus compañeiros. Estas protestas desencadenaron unha brutal represión que terminou co asasinato de 120 traballadoras.

E en Galicia?

O que non é tan sabido é que en Galicia tamén se produciron importantes mobilizacións de mulleres por motivos similares.

En 1857 produciuse a primeira folga de mulleres da historia de España levada a cabo na fábrica de Tabacos da Coruña, onde traballaban miles de mulleres nunha situación moi precaria. Entraban a traballar arredor dos sete ou oito anos, cunhas xornadas de doce ou trece horas e traballar e pasaban na fábrica toda a vida cobrando un soldo miserento, entre a metade e un terzo do que cobraban os homes. Fartas das malas condicións e da mecanización que poñía en risco os seus

traballos, o sete de decembro dese ano iniciaron unha protesta na que destruíron grande parte da maquinaria.

O 8 de marzo que hoxe en día coñecemos é o resultado de diversas loitas sociais que se uniron para reivindicar os dereitos das mulleres.

A primeira manifestación con motivo do día da muller produciuse en 1976 e, non estando autorizada, foi reprimida pola policía. Un ano despois, coincidindo coa proclamación da ONU, España celebrou a primeira concentración autorizada con motivo do 8-M, onde as mulleres españolas aproveitaron para reivindicar cuestións como a necesidade de recibir educación sexual, a legalización da venda de anticonceptivos e a despenalización do aborto.

Corenta anos despois de reivindicacións, chegouse a ao 8-M do 2018, un fito histórico no que millóns de mulleres de todo o mundo secundaron a Folga Internacional Feminista. Desde ese momento, milleiros de mulleres saen á rúa para denunciar as desigualdades de xénero

O 8-M nas aulas de educación primaria

O alumnado de 6 a 12 anos atópase nunha etapa fundamental para o seu desenvolvemento da súa personalidade. Nenas e nenos comprenden o tipo de relacións que se establecen e buscan adaptarse ás normas sociais (das amizades e familia). É unha etapa fundamental na consolidación da identidade e na conciencia das capacidades e limitacións propias.

Tamén é o momento no que se establecen as actitudes e comportamentos de participación, respecto recíproco e tolerancia. Por todo isto, traballar os valores igualitarios nesta etapa educativa ten un grande impacto. A conmemoración do 8 de marzo é un bo momento para afondar sobre as desigualdades de xénero nas aulas, promovendo un modelo baseado nas relacións igualitarias e positivas entre o alumnado.

METODOLOXÍA

As actividades que se recollen nesta unidade didáctica están baseadas en metodoloxías participativas e vivencias, nas que o alumnado forma parte activa do seu proceso de aprendizaxe. Estas facilitan a adquisición de conceptos e contidos a partir de dinámicas que fomentan a reflexión, o traballo autónomo e colaborativo e o pensamento crítico. Fomentaranse as vías para a comunicación non violenta e o establecemento de relacións igualitarias na rapazada.

A formulación metodolóxica desta unidade didáctica utiliza un enfoque integrador de xénero, articulado en actividades participativas e lúdicas que resulten motivadoras tanto para o profesorado como para o alumnado.

Con estas unidades didácticas procuramos o afastamento da visión adultocéntrica da rapazada. As actividades que aquí se presentan entenden ao profesorado nunha posición de orientador/a nos intereses do alumnado. É fundamental considerar dun modo protagónico os discursos e actuacións da rapazada para coñecer as súas propias experiencias e subxectividades e considerar as nenas e nenos como suxeitos políticos e sociais capaces de interpretar a súa realidade e de transformala. Con estas actividades queremos favorecer canles para o fomento dos valores igualitarios, xerando un espazo de confianza e aprendizaxe mutua, a través da reflexión crítica e o xogo.

ACTIVIDADE 1. CREAMOS UN ANUNCIO DE XOGUETES

OBXECTIVOS

- Detectar o sexismo na publicidade.
- Crear alternativas non sexistas aos anuncios publicitarios.
- Fomentar a creatividade e a creación de discursos igualitarios.

DESCRICIÓN

Nunha primeira sesión, o alumnado visualizará varias mostras de anuncios publicitarios de diferentes épocas. A continuación, tratarán de identificar aqueles elementos que consideran sexistas, explicando o porqué. Esta identificación complementarase cunha explicación por parte do profesorado, resolvendo as posibles dúbidas e incluíndo o contido teórico preciso para a segunda sesión.

Dividirase ao alumnado en grupos e cada un pensará nun xoguete ou xogo que coñeza para elaborar un anuncio na seguinte sesión. O grupo terá un tempo para poder organizarse e coordinar as tarefas precisas: conseguir o xogo/xoguete, vestimenta ou utensilios que considere necesarios para a realización da actividade.

Durante a segunda sesión, cada grupo deseñará o seu anuncio. Poderán utilizar aqueles elementos que trouxeron das súas casas e outros que teñan dispoñibles na aula. Realizarán o guiión do anuncio e explicarán as personaxes implicadas, os diálogos, escollerán un *eslogan*, música etc.

Para finalizar a sesión, cada grupo expoñerá o seu anuncio e o resto de alumnado analizará as seguintes cuestións:

- Que xogo/xoguete anuncia?
- Para quen está dirixido?
- É un anuncio sexista? Por que?
- É un anuncio igualitario? Por que?
- Cambiarías algún aspecto deste anuncio?
- Viches algún anuncio coma este na televisión?

MATERIAIS

- Folios
- Bolígrafos
- Xogos/xoguetes.
- Cartolinas, rotuladores etc.

NOTAS TEÓRICAS

A elección de xoguetes está fortemente influenciada polos estereotipos da masculinidade e a feminidade, polo que mediante estes obxectos prodúcese unha socialización diferencial cun forte impacto na infancia.

Os xoguetes e o xogo constitúen importantes ferramentas de socialización que participan no desenvolvemento da feminidade e da masculinidade. Os xoguetes convértense en instrumentos socializadores e educativos que transmiten un determinado sistema de valores socioculturais (Álvarez, Carrera e Cid, 2017³). A rapazada ten que ter claro que non hai xoguetes nin xogos específicos para cada xénero, polo tanto deben ser libres de escoller con que e como xogar.

SABÍAS QUE?

A finais do ano 2022 entrou en vigor o **Código de Autorregulación da publicidade infantil de xoguetes**, un acordo asinado polo Ministerio de Consumo, a Asociación Española de fabricantes de xoguetes (AEFJ) e Autocontrol. Podes consultar este acordo nesta [ligazón](#).

Este novo código, que substitúe ao de 2015, ten entre os seus obxectivos a procura de anuncios máis igualitarios, veraces e construtivos. Entre as medidas destaca o fomento dunha imaxe plural, igualitaria e libre de estereotipos, a prohibición da caracterización das nenas con connotacións sexuais e a asociación exclusiva de xoguetes que reproduzan roles, por exemplo, de coidado, traballo doméstico e beleza con elas, e de acción actividade física ou tecnoloxía con eles. Ademais, tamén se prohíbe a indicación expresa ou tácita de que os xoguetes son para un ou outro sexo nin se farán asignación de cores rosa-azul.

ACTIVIDADE 2. A LIÑA DA DESIGUALDADE:

OBXECTIVOS

- Aumentar a conciencia sobre a desigualdade de oportunidades.
- Fomentar a empatía e o pensamento crítico.

³ Álvarez, Carrera e Cid (2017) ¿Juegos de niñas y juegos de niños? La influencia de los estereotipos de género en la elección de juguetes. Revista de estudios psicológicos y educación, nºExtra 5.

- Comprender a interseccionalidade dos factores de discriminación.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Para realizar esta actividade é preciso contar con bastante espazo. Para iso será necesario colocar as mesas e cadeiras aos lados da aula ou preferiblemente utilizar o patio.

Cada participante collerá un papel que indica un rol determinado. Lerán ese papel con atención e non poderán amosarllo a ninguén. Se alguén ten dúbidas ao respecto do seu rol, a persoa facilitadora da actividade resolveraa. Unha vez que todo o mundo comprenda perfectamente o rol asignado, colocaranse en liña mirando cara a fronte. Daranse uns minutos para que se imaxinen con detalle como é a persoa asignada, onde vive, como é fisicamente, etc.

A facilitadora irá lendo unha serie de enunciados e as participantes darán un paso adiante no caso de que consideren que a persoa que lles foi asignada no papel respondería afirmativamente a esa cuestión.

Despois de varias preguntas, as posicións serán moi diferentes á inicial. Haberá persoas moi adiantadas, que deron moitos pasos, outras que quedaron atrás, outras en posicións intermedias...

A facilitadora lanzará varias preguntas para fomentar a reflexión e o debate antes de revelar as identidades:

- Que papel credes que ten a persoa que está na posición máis adiantada?
- E o que está na posición máis atrás?

Pouco a pouco, a facilitadora irá preguntando ás persoas que roles tiñan, en que preguntas deron un paso adiante e en cales non. Animarase a que xustificuen as súas respostas e visibilicen para o grupo como se sentiron na realización da actividade.

Despois da reflexión, é axeitado explicar o concepto de interseccionalidade e visibilizar como as participantes que tiñan roles iguais, acabaron en posicións diferentes atendendo ao sexo/xénero da persoa do papel.

MATERIAIS

- Papeis cos diferentes roles.
- Listado de preguntas.

MOSTRA EXEMPLO DE ROLES:

Rapaz galego de 11 anos que vive nunha cidade

Rapaz senegalés de 11 anos que vive nunha cidade

Rapaza galega de 11 anos que vive nunha cidade

Muller de 45 anos con tres fillos.

Home de 45 anos con tres fillos.

Futbolista de éxito de 27 anos.

Muller de 67 anos con cegueira.

Home de 67 anos con cegueira.

Muller transexual de 30 anos en situación de desemprego.

Home transexual de 30 anos en situación de desemprego.

Muller ucraniana en cadeira de rodas.

Home ucraniano en cadeira de rodas.

Rapaza lesbiana

Rapaz homosexual

MOSTRA EXEMPLO DE PREGUNTAS:

1. Saio só ou soa á rúa sen medo.
2. Podo entrar en calquera establecemento pola porta principal.
3. Síntome libre para vestir como queira.
4. Teño tempo para dedicar ás actividades que me gustan.
5. Sinto que ninguén me vai xulgar pola miña aparencia.
6. Etc.

NOTAS TEÓRICAS

A interseccionalidade é un concepto que pon o foco na forma en que o sexo, o xénero, a etnia, a clase, a orientación sexual son categorías de exclusión que suman e xeran opresións múltiples.

O termo foi acuñado en 1989 por Kimberlé Williams Crenshaw, profesora estadounidense, para denunciar o uso exclusivo que facía o feminismo hexemónico do xénero como única variable explicativa da desigualdade social.

Este concepto vai servir para denunciar que o xénero non é a única variable de opresión e para poder explicar que as desigualdades son o resultado da interacción de diversos sistemas de subordinación que se retroalimentan entre si. É dicir, a discriminación que sofre unha persoa depende do lugar que ocupa en diferentes categorías sociais.

SABÍAS QUE?

Segundo os últimos datos do [Barómetro de Xuventude e Xénero 2021](#), sete de cada dez mulleres considera que as desigualdades de xénero son elevadas en España, fonte a só catro de cada dez homes. Un de cada dez rapaces considera que as desigualdades de xénero non existen.

ACTIVIDADE 3. INVESTIGA O TEU CENTRO EDUCATIVO

OBXECTIVOS

- Aprender a detectar o sexismo na linguaxe e nos espazos de xogo.
- Facer visible a importancia de nomear por igual a todas as persoas para que se sintan representadas.
- Recoñecer as desigualdades ou discriminacións dos espazos utilizados polo alumnado.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Propoñeráselle ao alumnado que faga unha observación crítica e con perspectiva de xénero dos diferentes espazos do seu centro educativo. Para iso, dividiranse en grupos de traballo e recibirán un pequeno *kit* de investigación, cun exemplar

do documento de recollida de datos para cada persoa do grupo e un documento final de investigación.

Neste documento (dispoñible un pequeno modelo no apartado de MATERIAIS UTILIZADOS) terán que ir tomando nota sobre o uso dos espazos e tamén daqueles carteis, anuncios informativos e graffitis que detecten. Esta actividade de recollida de información durará aproximadamente unha semana.

Por último, cada grupo recollerá a información no documento final, tendo en conta as impresións de todas as persoas. Ademais, realizarán un debuxo do patio onde se indicará con diferentes cores aquelas zonas que se usan para os deportes ou actividades onde xogan e participan máis nenos e onde o fan máis as nenas.



Imaxe: freepik

Despois da semana de investigación e de ter plasmado toda a información no documento final, o alumnado preparará unha exposición dos resultados da súa investigación e explicará as diferentes formas de sexismo detectadas, tanto no uso dos espazos coma na carteleira do centro.

Unha vez que todos os grupos expuxeran os seus achados, explicaranse as diferentes formas de sexismo detectadas e guiarase ao alumnado para que elabore alternativas a aquelas mensaxes que considerou sexistas. Tamén se animará a que a rapazada propoña un plan de acción para conseguir que os espazos de ocio sexan utilizados dunha maneira máis igualitaria.

MATERIAIS

- Cartolinas, rotuladores, etc
- Pantalla e proxector
- Fichas de recollida de datos.

FICHA DE RECOLLIDA DE DATOS

Zona do patio	Tipo de actividade	Quen realiza a actividade?

Anuncio/cartel/graffiti	LOCALIZACIÓN

NOTAS TEÓRICAS

O sexismo é a ideoloxía, comportamento ou actitude que manifesta discriminacións das persoas atendendo ao seu sexo. O sexismo limita as expectativas de comportamento social que se ten de cada xénero. Asigna un “papel” a cada persoa en función do seu xénero, ao que debe cingirse e que influirá nas súas relacións, estilo de vida, actitudes, comportamentos e decisións. O sexismo obriga as persoas a aferrarse a uns padróns de comportamento, cognición e conduta preestablecidos e ten unhas consecuencias negativas tanto para as rapazas como para os rapaces.

As estruturas de desigualdade son diversas e nótense e reproducense tamén nas escolas. Non só no tipo de contidos ou relacións que se establecen nas aulas, tamén na configuración dos patios. En ocasións enténdese que os patios eran espazos neutros, pero non é así. Nos patios de xogo existen desigualdades sexuais porque nin os recursos nin os espazos se distribúen equitativamente entre nenas e nenos e os xogos que desenvolven unhas e outros, teñen unha clara marca de xénero (Tomé, Amparao, Subirats, Marina. 2007)⁴.

De igual modo, as formas sexistas da linguaxe aparecen implicitamente na práctica docente e nas comunicacións de todo tipo no centro educativo. O uso

⁴ Tomé González, Amparo; Subirats Martori, Marina (2007) Balones fuera: reconstruir os espazos desde la coeducación. Barcelona, Editorial Octaedro.

dunha linguaxe sexista ignora a presenza dun dos xéneros e invisibiliza a identidade das mulleres e das nenas. É importante ter claro que a linguaxe non se sitúa de forma neutral, senón que reflicte as relacións sociais entre os homes e as mulleres e a subordinación das mulleres na sociedade.

SABÍAS QUE?

A linguaxe axuda a construír a nosa concepción do mundo e a realidade. Os termos, frases e linguaxe que as persoas utilizamos para describir a realidade, as cousas e as persoas, organizan a nosa estrutura mental e inflúen na fabricación das nosas imaxes mentais. A utilización dunha linguaxe non inclusiva limita a nosa capacidade de imaxinar e crear estas imaxes. Por exemplo, cando lemos a frase “os investigadores descubriron un fito para a cura do cancro” na nosa cabeza crearase a imaxe dun grupo de investigadores homes. Se utilizamos unha linguaxe inclusiva e máis próxima á realidade como “un grupo de investigadores descubriron un fito para a cura do cancro” na nosa cabeza crearase unha imaxe máis diversa destas persoas, nas que tamén teñen cabida as mulleres.

ACTIVIDADE 4. FOLGA DE COIDADOS

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre aquelas actividades que sosteñen a vida.
- Visibilizar a importancia dos coidados e das persoas que os exercen.
- Familiarizarse coas tarefas de coidados e do mantemento do fogar.
- Romper cos estereotipos e roles asociados ás tarefas do fogar e de coidados.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A persoa facilitadora da actividade explica que o 8 de marzo hai milleiros de mulleres que fan folga, que non van aos seus postos de traballo remunerado. Neste día tamén se presenta unha folga nos traballos non remunerados, aqueles referidos ás tarefas da casa e de coidados.

O alumnado identificará todas as actividades importantes para a súa propia supervivencia: a alimentación, a vestimenta, a hixiene, pero tamén para a súa felicidade: quen se preocupa polos seus sentimentos?, quen acude ás reunións

coa titora ou titor? Quen te leva ás actividades extraescolares? No encerado, farase un listado destas tarefas.

A continuación, preséntase un reto semanal. O alumnado fará un rexistro (que pode acompañar de fotografías) de todas estas actividades de coidado que vive no seu fogar, desde as máis obvias, ata aquelas que son máis invisibles (mostras de cariño, apoio, preocupación polos estudos, conversas, etc).

Ao final da semana, o alumnado explicará ao resto da clase todas as actividades de coidado que reciben, quen as realiza e o que senten con respecto a isto.

Por último, cada alumno/a escribirá unha carta destinada á persoa ou persoa que exercen coidados para eles/as, onde se visibilicen estes comportamentos e actividades e se recoñeza a importancia para o seu benestar.

MATERIAIS

- Encerado
- Rotuladores
- Papel e bolígrafos.
- Cámara (teléfonos móbiles da familia)

NOTAS TEÓRICAS

Os coidados son aquelas tarefas indispensables para a vida. Nos coidados inclúense as ocupacións reprodutivas, as tarefas domésticas e a atención de nenas e nenos, maiores e persoas dependentes. Estas son ocupacións tradicionalmente atribuídas ás mulleres e non remuneradas. Ao longo da historia foron as mulleres as que exerceron os labores básicos para a subsistencia: limpeza, alimentación, hixiene, etc. e é preciso recoñecer o seu labor e agradecer esta implicación pero tamén é fundamental equilibrar estas actividades, de forma que todas as persoas independentemente do seu sexo, exerzan estas actividades de coidado. Todas as persoas somos demandantes en máis ou menos medida de coidados, o que os converte en esenciais para a vida.

SABÍAS QUE?

Temos unha importante débeda de coidados. Esta é a diferenza entre os coidados que se reciben e os que se dan por parte de persoas concretas (historicamente mulleres). Cando unha comunidade concreta non cobre as súas propias necesidades, delega os coidados a persoas vidas doutros lugares, conformando así cadeas (globais) de coidados, que xeran unha débeda de coidados dos territorios receptores da migración respecto aos emisores.

ACTIVIDADE 5. RACHANDO ESTEREOTIPOS

OBXECTIVOS

- Desmontar os estereotipos de xénero presentes na sociedade.
- Visibilizar que nenas e nenos son iguais.
- Fomentar a comunicación e o traballo en equipo.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado colocarse en dúas filas. Cada participante terá unha folla de periódico e a última persoa contará cunha folla extra. Terán que ir avanzando sen tocar o chan ata a meta. Para iso, o grupo terá que traballar en equipo para deseñar unha estratexia e conseguir que todas as persoas cheguen ao punto final.

Cando unha persoa chegue á meta, leráselle unha afirmación e terá que decidir se é verdadeira ou falsa. Collerá a afirmación (papel) e terá que colocala nun dos dous taboleiros dispostos na aula que teñen escritas as palabras verdadeiro e falso.

Cando todo o grupo chegue á meta e teña colocadas cada unha das afirmacións, pasaremos a comprobar os resultados.

A revisión desas afirmacións fomentará a reflexión no grupo e a argumentación. Aquelas afirmacións negativas (que reforzan estereotipos de xénero) serán rachadas e desbotadas simbolizando o fin destas ideas limitadoras.

Coas afirmacións consideradas verdadeiras, realizarase un póster acompañado de debuxos e colocarse nun lugar destacado da aula.

MATERIAIS

- Follas de periódico.
- Taboleiros.
- Cinta adhesiva.
- Cartolinas e rotuladores.
- Afirmacións impresas

Afirmacións impresas (a modo de exemplo):

Debemos respectar a todas as persoas
Aos nenos non lle gustan as películas de princesas
Insultar a un compañeiro por como viste non é algo importante
As nenas son máis traballadoras
As nenas e os nenos somos iguais
O rosa é unha cor de nenas
Non hai moitas mulleres presidentas porque non saben tanto.
As nenas e os nenos poden usar calquera cor.
Os nenos non poden levar saias.
Calquera home ou muller pode traballar do que queira.
As nenas non lle gustan os videoxogos.
Os nenos xogan mellor ao fútbol que as nenas.
Os nenos non poden pintar as uñas.
As tarefas domésticas teñen que ser repartidas entre mulleres e homes
Nenas e nenos podemos vestir como queiramos
Etc.

NOTAS TEÓRICAS

Os estereotipos de xénero son unha visión xeneralizada ou unha idea preconcebida sobre os atributos ou as características, ou os papeis que posúen ou deberan posuír ou desempeñar as mulleres e os homes.

Os estereotipos de xénero son perxudiciais porque limitan as capacidades das mulleres e dos homes para desenvolver as súas características persoais, seguir as súas carreiras profesionais e tomar as decisión sobre as súas vidas.

Os estereotipos de xénero teñen unhas consecuencias negativas para todas as persoas, posto que nos obriga a aferrarnos a padróns de comportamento, cognición e condutas preestablecidas que poden facernos sentir atrapadas ou atropados nunha serie de costumes e prexuizos.

SABÍAS QUE?

Nunha investigación titulada “Socialization of Gender Stereotypes Related to Attributes and Professions Among Young Spanish School-aged Children”⁵ atopouse que desde os catro anos, nenas e nenos coñecen os estereotipos de xénero e aplícanos para construír expectativas nesgadas sobre os atributos das outras persoas.

Nun experimento realizado nesta investigación, pedíuselle a menores de entre catro e nove anos que escollesen entre un grupo de fotos de homes e mulleres descoñecidos, aqueles que lles parecerán “moi intelixentes”. O 70% das veces escollían a un home (adulto ou neno) fronte a unha muller.

ACTIVIDADE 6. O PANO DA CORRESPONSABILIDADE

OBXECTIVOS

- Identificar as diferentes tarefas da casa e de coidados.
- Recoñecer a implicación e carga da realización de certas actividades.
- Reflexionar sobre a corresponsabilidade e o reparto xusto.
- Visibilizar diferentes modelos de familia e organización.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE


Esta é unha actividade baseada nun xogo tradicional como é o xogo do pano pero esta vez cun contido claro para traballar: as tarefas da casa e de coidados.

Divídese o alumnado en dous grupos. Cada grupo terá unhas fotografías/debuxos que representan diferentes tarefas da casa: lavar a roupa, tender a roupa, ir á compra, facer a comida, coidar dos/as fillos/as, coidar de

⁵ Irene Solbes-Canales, Susana Valverde-Montesino y Pablo Herranz-Hernández. “Socialization of Gender Stereotypes Related to Attributes and Professions Among Young Spanish School-Aged Children”. *Front. Psychol.*, 24 April 2020. DOI: [10.3389/fpsyg.2020.00609](https://doi.org/10.3389/fpsyg.2020.00609).

persoas maiores, facer arranxos, etc. Cada grupo dividirá estas tarefas entre as persoas que o compoñen. Pode darse a situación de que unha persoa teña varias tarefas. Unha vez que cada persoa teña claro cal é a súa tarefa, comeza o xogo.

A docente estará no medio, entre un grupo e outro e dirá en alto unha tarefa, amosando o debuxo que corresponda. A persoa de cada grupo que teña esta actividade, correrá cara o centro, tratará de chegar en primeira posición e golpear a man da docente. Unha vez que chegue ao centro, cada persoa colocará a imaxe da tarefa nunha caixa, en función de quen realiza esa tarefa na súa casa: mamá, papá, filla, fillo, avoa, avó, etc. Esta pode ser unha boa oportunidade para visibilizar a diversidade de familias e existentes.



Imaxes: representación gráfica do funcionamento do xogo.

Farase o mesmo con todas as tarefas da casa escollidas. Unha vez que todo o alumnado participe na "carreira", colleranse as caixas de ambos grupos.

Observaremos que caixa ten máis tarefas, se están ben repartidas, se todo o mundo asume o mesmo número de actividades, canto tempo leva desenvolver cada unha das actividades, se hai algunha máis sinxela que outra, etc.

Se estas tarefas non están ben repartidas, animaremos a que cada grupo as distribúa dunha maneira máis equitativa e xusta. Este novo reparto dará pé a falar da **corresponsabilidade** e da importancia de asumir as responsabilidades da casa

e de coidados entre todas as persoas que conforman a familia. A rapazada, tamén ha de ter responsabilidades no fogar, sempre acorde á súa idade.

MATERIAIS

- Imaxes plastificadas que representen diferentes tarefas domésticas e de coidados, (unha copia para cada grupo e outra para a facilitadora da actividade).
- Caixas (de cartón ou outro material) con carteis identificativos.

NOTAS TEÓRICAS

A corresponsabilidade defínese como a distribución equilibrada, equitativa e funcional da planificación, organización e realización das tarefas domésticas, do coidado de menores e persoas dependentes, dos espazos educativos e do traballo remunerado. A corresponsabilidade interpela a responsabilidade dun reparto social equitativo de todas as tarefas e os usos do tempo.

Segundo os datos recollidos no INE no estudo Mujeres y Hombres en España, dispoñible nesta [ligazón](#), o 33,9% das mulleres traballadoras dedican catro horas diarias ao coidado e educación de fillos/as e netos/as, fronte o 36,7% dos homes traballadores que dedican dúas horas a esta actividade.

A porcentaxe máis alta de mulleres traballadoras (43,3%) realiza tarefas domésticas e de coidados arredor de dúas horas diarias. A porcentaxe máis alta de homes traballadores (42,5%) dedican unha hora diaria a estas tarefas.

SABÍAS QUE?

A carga mental fai referencia ao proceso de pensamento e organización das tarefas domésticas. Aínda que a realización das tarefas sexan repartidas, o tempo destinado a pensar e planificar as comidas, a compra, as necesidades de todas as persoas que forman parte da familia, etc. non o está.

A carga mental é un esforzo que ata hai pouco non se tiña en consideración, a pesar de ser a causa, en moitas ocasións, do aumento dos niveis de estrés e ansiedade.

No Informe de **O custe da conciliación** (dispoñible nesta [ligazón](#)) explícase o sacrificio que supón a conciliación, indagando especialmente naquelas tarefas relacionadas coa xestión emocional, as máis invisibles.

BIBLIOGRAFÍA E RECURSOS DE INTERESE

Álvarez, Carrera e Cid (2017) **¿Juegos de niñas y juegos de niños? La influencia de los estereotipos de género en la elección de juguetes.** *Revista de estudios psicológicos y educación*, nºExtra 5.

AS-PG e CIG-Ensino. **Coeducación. Alicerce do ensino.** Disponible [aquí](#).

AS-PG e CIG-Ensino. **Tecendo redes de igualdade.** Disponible [aquí](#).

Bacete, Ritxar (2017) **Nuevos hombres buenos. La masculinidad en la era del feminismo.** Península.

Canales, Valverde-Montesino, Herranz-Hernández (2020) **"Socialization of Gender Stereotypes Related to Attributes and Professions Among Young Spanish School-Aged Children"**. *Front. Psychol.*, 24 April 2020.

Chao, Luca (2023) **Feminismo en cen palabras.** Editorial Galaxia

Comisión Internacional sobre os Futuros da Educación (2022). **Reimaginar juntos nuestros futuros: un nuevo contrato social para la educación.** Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

Delors, J. (1996). **"Los cuatro pilares de la educación"** en **La educación encierra un tesoro.** Informe de la UNESCO de la Comisión Internacional sobre Educación para el siglo XXI. Santillana/UNESCO.

Domínguez, Yolanda (2021) **Maldito estereotipo. ¡Así te manipulan los medios y las imágenes!** Penguin Random House

Duque, Isa (2022) **Acercarse a la generación Z. Una guía para entender a la juventud actual sin prejuicios.** Zenith

Entreculturas (2020). **Un mundo en igualdad.** Fundación Entreculturas.

Junior Report. **Mujeres en el deporte (2020-2021).** Disponible en <https://subscriber.junior-report.media/es/mujeres-en-el-deporte/>

Pintos, Xoana (2021) **Tiven a chave, a bicicleta e os catro libros.** Primeiras científicas na Universidade de Santiago. Editorial Galaxia.

Ranea Triviño, Beatriz (2021) **Desarmar la masculinidad.** Catarata.

Rodríguez, E., Calderón, D., Kuric, S., Sanmartín, A., (2021). **Barómetro Juventud y Género 2021. Identidades, representaciones y experiencias en una realidad social compleja.** Madrid. Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud, Fad. DOI: 10.5281/zenodo.5205628

Rey e Rolland (2021) **Pioneiras da ciencia en Galicia.** Editorial Galaxia

Sanmartín Ortí, A., Kuric Kardelis, S. & Gómez Miguel, A. (2022). **La caja de la masculinidad: construcción, actitudes e impacto en la juventud española.** Madrid:

Centro Reina Sofía sobre adolescencia y juventud, Fundación Fad Juventud. DOI: 10.5281/zenodo.7319236. Disponible [aquí](#).

Secretaría Xeral da Igualdade (2021). **Guía coeducativa para os centros escolares de Galicia**. Disponible [aquí](#).

Tomé González, Amparo; Subirats Martori, Marina (2007) **Balones fuera: reconstruir os espazos desde la coeducación**. Barcelona, Editorial Octaedro.

UNESCO Etxea (2018). **Guía didáctica. Construyendo feminidades y masculinidades alternativas, diversas e igualitarias**. UNESCO.

ALGÚNS VÍDEOS PARA UTILIZAR NAS AULAS

No more matildas: https://www.youtube.com/watch?v=Fx0ztzf-2V0&ab_channel=%23NoMoreMatildas

Como perciben os nenos a fenda salarial?
https://www.youtube.com/watch?v=XIW01sw2LTk&ab_channel=DineroEnImagen

Experimento noruego. Nenos e fenda salarial entre mulleres e homes:
https://www.youtube.com/watch?v=XIW01sw2LTk&ab_channel=DineroEnImagen

No te ha pasado que? Micromachismos:
https://www.youtube.com/watch?v=WVRKdakH6fw&ab_channel=elDiarioes

Someone swapped the batman and catwoman character models:
https://www.youtube.com/watch?v=JUWBoYwAgaE&ab_channel=PhantomThiefIrwin2

La mente en pañales. Educación. Educación diferencial:
https://www.youtube.com/watch?v=gGhwwp-mA4s&ab_channel=Coeducacci%C3%B3Cooperativa

Anuncio australiano. Domestic violence commercial:
https://www.youtube.com/watch?v=c96dktDFgyk&ab_channel=CarolinaPoerio

Que significa facer algo como unha nena?:
https://www.youtube.com/watch?v=u2zY90c5dVg&ab_channel=G%C3%A9neroyMetodolog%C3%ADas

Por que a xente cree nas *fakenews*?:
https://www.youtube.com/watch?v=2uCNW8s57nU&ab_channel=elDiarioes

"1977" La Peque:
https://www.youtube.com/watch?v=MV4GyYp4Ku4&ab_channel=RosaSanchisiCaudet

Consentimento a través dunha cunca de té:
https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8&t=1s&ab_channel=LaVozdeAsierSola

"Conectar sin que nos raye" Psico Woman:
https://www.youtube.com/watch?v=xJx93ZGyJ44&ab_channel=PsicoWoman

